

Temario básico de referencia

Escala Superior de Orientación Laboral

Parte específica | Tema 26

Políticas públicas de emprego para a inmigración. Permisos de traballo e residencia. Os servizos públicos de emprego na regularización laboral da inmigración; inscrición de persoas estranxeiras. Catálogo de ocupacións de difícil cobertura. Contingentes. Certificado de insuficiencia de demandantes de emprego adecuados e dispoñibles para aceptar a oferta.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN





© 2024 - Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Dispoñible baixo licenza [CC BY-NC-SA 4.0](#)



BY: en caso de citar os contidos, debe outorgarse crédito da autoría á Xunta de Galicia.

NC: só se permite o uso non comercial da obra.

SA: as adaptacións que se elaboren deben compartirse coa mesma licenza.

AVISO DE EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADE.

Estes contidos non son un temario oficial.

Supoñen unicamente unha ferramenta de axuda que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pon a disposición de todas as persoas interesadas en participar nos procesos selectivos para o ingreso no corpo superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de orientación laboral.

Os contidos responden á normativa, documentos e outras referencias que estaban vixentes no momento da súa elaboración, polo que poden ter sufrido cambios co decurso do tempo. Comprobe sempre e vixencia dos contidos e empregue as últimas versións dispoñibles.



Índice

| | | |
|-----|--|----|
| 1 | Políticas públicas de emprego para a inmigración. Permisos de traballo e residencia..... | 4 |
| 1.1 | Disposicións xerais da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social | 4 |
| 1.2 | Medidas no ámbito do emprego da Comunidade Autónoma de Galicia..... | 5 |
| 1.3 | Diferentes tipos de autorización..... | 7 |
| 1.4 | Real Decreto 557/2011, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, tras a súa reforma por Lei Orgánica 2/2009..... | 11 |
| 2 | Os servizos públicos de emprego na regularización laboral da inmigración; inscrición de persoas estranxeiras | 17 |
| 2.1 | Real Decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre a entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados Membros da Unión Europea e de outros Estados parte no acordo sobre o Espazo Económico Europeo..... | 18 |
| 2.2 | Orde TAS 3698/2006, do 22 de novembro, pola que se regula a inscrición de traballadores estranxeiros non comunitarios nos Servizos Públicos de Emprego e nas axencias de colocación..... | 22 |
| 3 | Catálogo de ocupacións de difícil cobertura. Continxentes. Certificado de insuficiencia de demandantes de emprego adecuados e dispoñibles para aceptar a oferta | 25 |
| 3.1 | Determinación da situación nacional de emprego..... | 25 |
| 3.2 | Xestión colectiva de contratacións en orixe (continxentes)..... | 28 |



1 Políticas públicas de emprego para a inmigración. Permisos de traballo e residencia

1.1 Disposicións xerais da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social

A Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social (en diante, LOEX), delimita o seu ámbito de aplicación no artigo 1:

- Considéranse estranxeiros, aos efectos da aplicación da presente Lei, aos que carezan da nacionalidade española.
- O disposto nesta Lei entenderase, en todo caso, sen prexuízo do establecido en leis especiais e nos Tratados internacionais nos que España sexa parte.
- Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea e aqueles a quen sexa de aplicación o réxime comunitario rexeranse polas normas que o regulan, séndolles de aplicación a presente Lei naqueles aspectos que puidesen ser máis favorables.

Igualmente, establece as seguintes exclusións do ámbito da lei (artigo 2):

- Os axentes diplomáticos e os funcionarios consulares acreditados en España, así como os demais membros das misións diplomáticas permanentes ou especiais e das oficinas consulares e os seus familiares que, en virtude das normas do Dereito internacional, estean exentos das obrigas relativas á súa inscrición como estranxeiros e á obtención da autorización de residencia.
- Os representantes, delegados e demais membros das Misións permanentes ou das Delegacións ante os Organismos intergubernamentais con sede en España ou en Conferencias internacionais que se celebren en España, así como os seus familiares.
- Os funcionarios destinados en Organizacións internacionais ou intergubernamentais con sede en España, así como os seus familiares, a quen os Tratados nos que sexa parte España eximan das obrigacións mencionadas no inciso primeiro.

Ademais, o artigo 2 bis regula a política inmigratoria, establecendo que:

- Corresponde ao Goberno, de conformidade co previsto no artigo 149.1.2.^a da Constitución, a definición, planificación, regulación e desenvolvemento da



política de inmigración, sen prexuízo das competencias que poidan ser asumidas polas Comunidades Autónomas e polas Entidades Locais.

- Todas as Administracións Públicas basearán o exercicio das súas competencias vinculadas coa inmigración no respecto, entre outros, aos seguintes principios (destácanse unicamente aqueles con incidencia no ámbito do emprego):
 - b) A ordenación dos fluxos migratorios laborais, de acordo coas necesidades da situación nacional do emprego.**
 - i) A igualdade de trato nas condicións laborais e de Seguridade Social.**
- O Estado garantirá o principio de solidariedade, consagrado na Constitución, atendendo ás especiais circunstancias daqueles territorios nos que os fluxos migratorios teñan unha especial incidencia.

1.2 Medidas no ámbito do emprego da Comunidade Autónoma de Galicia

I. Proxecto piloto de arraigo para a formación.

Ao longo do ano 2023, desde a Xunta de Galicia púxose en marcha o Proxecto piloto de arraigo para a formación dirixido a persoas migrantes en Galicia en situación irregular, para que poidan obter unha autorización de residencia e de traballo facilitando a súa integración sociolaboral e poder regularizar a súa situación.

Podían acceder a este proxecto piloto as persoas migrantes en Galicia en situación irregular que cumprisen as seguintes condicións:

- Acreditasen unha permanencia continuada en España durante un período mínimo de 2 anos previos a solicitude de autorización de residencia (as ausencias de España non poderán superar os 120 días nun período de tres anos, ou 90 días en dous anos).
- Carecesen de antecedentes penais en España, no seu país de orixe ou países nos que residira durante os últimos cinco anos.
- Se comprometesen a realizar a formación do programa dentro do seu itinerario individualizado.
- Non fosen cidadáns (ou familiar de cidadán) dun Estado da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo ou de Suíza.
- Non se atopasen, se é o caso, dentro do prazo de compromiso de non retorno a España que a persoa estranxeira tivera asumido ao retornar voluntariamente ao seu país de orixe.



- Non tivesen prohibida a entrada en España e non figurasen como rexeitable no espazo territorial de países cos que España teña asinado un convenio en tal sentido.
- Estivesen empadroadas nun concello galego cunha certa antigüidade.

Para estas persoas, o programa prevé a realización das seguintes actividades:

- Elaboración dun itinerario individualizado de arraigo para a formación, que inclúe cando menos:
 - Asesoramento e acompañamento no proceso de solicitude de autorización de residencia de arraigo para a formación e nos trámites que deba realizar a persoa con carácter previo a iniciar a formación.
 - Diagnose de empregabilidade e elaboración de perfil laboral da persoa que permita definir o ámbito de formación máis axeitado para poder obter unha saída profesional que lle permita acadar un posto de traballo.
 - Acción formativa de corta duración (microcredencial) cunha duración máxima de 170 horas, conducente á obtención da autorización de residencia por arraigo para a formación.
- Formación capacitante para obter a autorización de arraigo para a formación.
- Prospección empresarial para a detección de sectores con maiores posibilidades de inserción laboral.
- Inserción laboral a través dun contrato de traballo relacionado coa familia profesional da formación recibida e acreditada.
- Acompañamento durante todo o proceso de arraigo para a formación, incluída a fase de inserción laboral, e seguimento individualizado.

Este programa piloto realizouse mediante entidades colaboradoras, que foron as encargadas de seleccionar ás persoas participantes.

II. Estratexia Retorna 2023 – 2026.

A Estratexia Retorna 2023 – 2026 creouse co obxectivo de atraer galegos residentes no exterior, tanto os emigrantes como os seus descendentes, procurarles unha cobertura integral das súas necesidades básicas, **facilitar a súa integración educativa e laboral** e analizar e executar todas as medidas ao alcance do Goberno galego para combater e superar o complexo reto demográfico de Galicia desde o fomento do retorno.

Para isto, definíronse múltiples liñas de actuación, dentro das que destacan as seguintes como as relacionadas directamente co eido do emprego:

- Facilitar a capacitación profesional das persoas galegas retornadas promovendo a súa formación e integración no mercado laboral, e dando a coñecer as medidas específicas para alcanzala.
- Promover o autoemprego e a creación de pemes por parte dos retornados e retornadas, especialmente no ámbito rural.
- Atraer e reter o talento dos traballadores e traballadoras galegas residentes no exterior de cara a potenciar a competitividade do tecido produtivo da nosa terra.

Estas liñas de actuación concréntanse dentro da axenda nos 7 obxectivos e 26 medidas previstas dentro da área laboral, que xunto cos obxectivos e medidas das outras tres áreas da estratexia (área de asesoramento, seguimento, coordinación e control, área social e área educativa), pretenden acadar o retorno de 30.000 persoas galegas residentes no exterior, das que 18.000 se agarda que sexan menores de 45 anos.

1.3 Diferentes tipos de autorización

A LOEX, no seu Título II (Régime xurídico dos estranxeiros) dedica os seus Capítulos II e III ás autorizacións de estancia e residencia e ás autorizacións para a realización de actividades lucrativas.

A continuación, analízanse estes Capítulos máis en detalle.

I. Capítulo II: autorización de estancia e residencia.

- **Enumeración das situacións (artigo 29).**

Os estranxeiros poderán atoparse en España nas situacións de **estancia** ou **residencia**.

As diferentes situacións dos estranxeiros en España poderán acreditarse mediante pasaporte ou documento de viaxe que acredite a súa identidade, visado ou tarxeta de identidade de estranxeiro, segundo corresponda.

- **Situación de estancia (artigo 30).**

Estancia é a permanencia en territorio español por un período de tempo non superior a 90 días, sen prexuízo do disposto no artigo 33 para a admisión a efectos de estudos, intercambio de alumnos, prácticas non laborais ou servizos de voluntariado.

Transcorrido o devandito tempo, para permanecer en España será preciso obter ou unha prórroga de estancia ou unha autorización de residencia.



Nos supostos de entrada con visado, cando a duración deste sexa inferior a 3 meses, poderase prorrogar a estancia, que en ningún caso poderá ser superior a 3 meses, nun período de 6 meses.

Nos supostos de entrada sen visado, cando concorran circunstancias excepcionais que o xustifiquen, poderá autorizarse a estancia dun estranxeiro no territorio español máis aló de 3 meses.

○ **Situación de residencia (artigo 30 bis).**

Son residentes os estranxeiros que se atopen en España e sexan titulares dunha autorización para residir.

Os residentes poderán atoparse na situación de residencia temporal (regulada nos artigos 31 e 31 bis) ou de residencia de longa duración (regulada no artigo 32).

Ademais, nos artigos seguintes regúlanse as seguintes situacións:

- Réxime de admisión a efectos de estudos, intercambio de alumnos, prácticas non laborais ou servizos de voluntariado (artigo 33).
- Residencia de apátridas, indocumentados e refuxiados (artigo 34).
- Menores non acompañados (artigo 35).

II. Capítulo III: autorizacións para a realización de actividades lucrativas.

○ **Autorización de residencia e traballo (artigo 36).**

Os estranxeiros maiores de 16 anos precisarán, para exercer calquera actividade lucrativa, laboral ou profesional, da correspondente autorización administrativa previa para residir e traballar. A autorización de traballo concederase conxuntamente coa de residencia, salvo nos supostos de penados estranxeiros que estean cumprindo condenas ou noutros supostos excepcionais que se determinen regulamentariamente.

A eficacia da autorización de residencia e traballo inicial condicionarase ao alta do traballador na Seguridade Social. A Entidade Xestora comprobará en cada caso a previa habilitación dos estranxeiros para residir e realizar a actividade.

Cando o estranxeiro se propuxese traballar por conta propia ou allea, exercendo unha profesión para a que se esixa unha titulación especial, a concesión da autorización condicionarase á tenencia e, no seu caso, homologación do título correspondente e, se as leis así o esixen, á colexiación.

Para a contratación dun estranxeiro, o empregador deberá solicitar a autorización a que se refire o apartado primeiro deste artigo, que en todo caso



deberá acompañarse do contrato de traballo que garanta unha actividade continuada durante o período de vixencia da autorización.

A carencia da autorización de residencia e traballo, sen prexuízo das responsabilidades do empresario a que dea lugar, incluídas as de Seguridade Social, non invalidará o contrato de traballo respecto dos dereitos do traballador estranxeiro, nin será obstáculo para a obtención das prestacións derivadas de supostos contemplados polos convenios internacionais de protección aos traballadores ou outras que puidesen corresponderlle, sempre que sexan compatibles coa súa situación. En todo caso, o traballador que careza de autorización de residencia e traballo non poderá obter prestacións por desemprego.

Salvo nos casos legalmente previstos, o recoñecemento dunha prestación non modificará a situación administrativa do estranxeiro.

Na concesión inicial da autorización administrativa para traballar poderán aplicarse criterios especiais para determinadas nacionalidades en función do principio de reciprocidade.

Non se concederá autorización para residir e realizar unha actividade lucrativa, laboral ou profesional, aos estranxeiros que, no marco dun programa de retorno voluntario ao seu país de orixe, comprometéronse a non retornar a España durante un prazo determinado en tanto non transcorrese devandito prazo.

Regulamentariamente determinaranse as condicións e requisitos para facer posible a participación de traballadores estranxeiros en sociedades anónimas laborais e sociedades cooperativas.

○ **Autorización de residencia e traballo por conta propia (artigo 37).**

Para a realización de actividades económicas por conta propia haberá de acreditarse o cumprimento de todos os requisitos que a lexislación vixente esixe aos nacionais para a apertura e funcionamento da actividade proxectada, así como os relativos á suficiencia do investimento e a potencial creación de emprego, entre outros que regulamentariamente se establezan.

A autorización inicial de residencia e traballo por conta propia limitarase a un ámbito xeográfico non superior ao dunha Comunidade Autónoma, e a un sector de actividade. A súa duración determinarase regulamentariamente.

A concesión da autorización inicial de traballo, en necesaria coordinación coa que corresponde ao Estado en materia de residencia, corresponderá ás Comunidades Autónomas de acordo coas competencias asumidas nos correspondentes Estatutos.



○ **Autorización de residencia e traballo por conta allea (artigo 38).**

Para a concesión inicial da autorización de residencia e traballo, no caso de traballadores por conta allea, terase en conta a situación nacional de emprego.

A situación nacional de emprego será determinada polo Servizo Público de Emprego Estatal coa información proporcionada polas Comunidades Autónomas e con aquela derivada de indicadores estatísticos oficiais e quedará plasmada no Catálogo de Ocupacións de Difícil Cobertura. O dito catálogo conterá unha relación de empregos susceptibles de ser satisfeitos a través da contratación de traballadores estranxeiros e será aprobado previa consulta da Comisión Laboral Tripartita de Inmigración.

Igualmente, entenderase que a situación nacional de emprego permite a contratación en ocupacións non catalogadas cando da xestión da oferta se conclúa a insuficiencia de demandantes de emprego adecuados e dispoñibles. Regulamentariamente determinaranse os requisitos mínimos para considerar que a xestión da oferta de emprego é considerada suficiente a estes efectos.

O procedemento de concesión da autorización de residencia e traballo inicial, sen prexuízo dos supostos previstos cando o estranxeiro que se atope en España estea habilitado para solicitar ou obter unha autorización de residencia e traballo, basearase na solicitude de cobertura dun posto vacante, presentada por un empresario ou empregador ante a autoridade competente, xunto co contrato de traballo e o resto de documentación esixible, ofrecido ao traballador estranxeiro residente nun terceiro país. Verificado o cumprimento dos requisitos, a autoridade competente expedirá unha autorización cuxa eficacia estará condicionada a que o estranxeiro solicite o correspondente visado e que, unha vez en España, se produza a alta do traballador na Seguridade Social.

O empresario ou empregador estará obrigado a comunicar a desistencia da solicitude de autorización se, mentres se resolve a autorización ou o visado, desaparece a necesidade de contratación do estranxeiro ou se modificasen as condicións do contrato de traballo que serviu de base á solicitude. Así mesmo, cando o estranxeiro habilitado estea en España deberá rexistrar nos Servizos Públicos de Emprego o contrato de traballo que deu lugar á solicitude e formalizar a alta do traballador na Seguridade Social, e se non puidese iniciarse a relación laboral, o empresario ou empregador estará obrigado a comunicalo ás autoridades competentes.

A autorización inicial de residencia e traballo limitarase, salvo nos casos previstos pola Lei e os Convenios Internacionais asinados por España, a un



determinado territorio e ocupación. A súa duración determinarase regulamentariamente.

A autorización de residencia e traballo renovarase á súa expiración:

- Cando persista ou se renove o contrato de traballo que motivou a súa concesión inicial, ou cando se conte cun novo contrato.
- Cando a autoridade competente, conforme á normativa da Seguridade Social, outorgase unha prestación contributiva por desemprego.
- Cando o estranxeiro sexa beneficiario dunha prestación económica asistencial de carácter público destinada a lograr a súa inserción social ou laboral.
- Cando concorran outras circunstancias previstas regulamentariamente, en particular, os supostos de extinción do contrato de traballo ou suspensión da relación laboral como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero.

A partir da primeira concesión, as autorizacións concederanse sen limitación algunha de ámbito xeográfico ou ocupación.

A concesión da autorización inicial de traballo, en necesaria coordinación coa que corresponde ao Estado en materia de residencia, corresponderá ás Comunidades Autónomas de acordo coas competencias asumidas nos correspondentes Estatutos.

Neste Capítulo, ademais, regúlanse:

- *Xestión colectiva de contratacións en orixe (artigo 39).*
- *Supostos específicos de exención da situación nacional de emprego (artigo 40).*
- *Excepcións á autorización de traballo (artigo 41).*
- *Réxime especial dos traballadores de tempada (artigo 42).*
- *Traballadores transfronteirizos e prestación transnacional de servizos (artigo 43).*

1.4 Real Decreto 557/2011, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, tras a súa reforma por Lei Orgánica 2/2009

A continuación detállanse as diferentes situacións que contempla o Real Decreto 557/2011.



I. Título III. Estancia en España.

○ Estancia de curta duración (Capítulo I).

Áchase en situación de estancia de curta duración o estranxeiro que non sexa titular dunha autorización de residencia e estea autorizado para permanecer en España por un período ininterrompido ou suma de períodos sucesivos cuxa duración total non exceda de 90 días por semestre a partir da data da primeira entrada, sen prexuízo do disposto no Capítulo II do Título III para a admisión a efectos de estudos, mobilidade de alumnos, prácticas non laborais ou servizos de voluntariado. De tratarse dunha estancia con fins de tránsito, a duración da estancia autorizada corresponderá ao tempo necesario para efectuar o tránsito (artigo 28.1).

○ Autorización de estancia por estudos, mobilidade de alumnos, prácticas non laborais ou servizos de voluntariado (Capítulo II).

Será titular dunha autorización de estancia o estranxeiro que fose habilitado a permanecer en España por un período superior a 90 días co fin único ou principal de levar a cabo algunha das actividades de carácter non laboral que enumera o artigo 37. O visado de estudos incorporará a autorización de estancia e habilitará ao estranxeiro a permanecer en España en situación de estancia para a realización da actividade respecto da que se concedeu.

Poderán ser autorizados a realizar actividades laborais dentro das condicións establecidas no art. 42.

II. Título IV. Residencia temporal.

Áchase na situación de residencia temporal o estranxeiro que se atope autorizado a permanecer en España por un período superior a 90 días e inferior a 5 anos, sen prexuízo do establecido en materia de estancia por estudos, mobilidade de alumnos, prácticas non laborais ou servizos de voluntariado (artigo 45.1). Os seguintes capítulos deste Título regulan as diferentes situacións que se enumeran a continuación:

○ Residencia temporal non lucrativa (Capítulo I).

Para a concesión dunha autorización inicial de residencia temporal sen realizar actividades laborais ou profesionais, así como do correspondente visado, o estranxeiro solicitante deberá cumprir os requisitos enumerados no artigo 46.

○ Residencia temporal por reagrupamento familiar (Capítulo II).

Está en situación de residencia temporal por razón de reagrupamento familiar o estranxeiro que fose autorizado a permanecer en España en virtude do dereito ao reagrupamento familiar exercido por un estranxeiro residente



(artigo 52). Estas autorizacións permitirán traballar nos termos sinalados nos artigos deste capítulo.

○ **Residencia temporal e traballo por conta allea (Capítulo III).**

Áchase en situación de residencia temporal e traballo por conta allea o estranxeiro maior de 16 anos autorizado a permanecer en España por un período superior a 90 días e inferior a 5 anos, e a exercer unha actividade laboral por conta allea (artigo 62).

○ **Residencia temporal e traballo para investigación (Capítulo IV).**

Derrógase pola disposición derogatoria única do Real Decreto-lei 11/2018, do 31 de agosto.

○ **Residencia temporal e traballo de profesionais altamente cualificados titulares dun Cartón azul-UE (Capítulo V).**

Derrógase pola disposición derogatoria única, apartado b), da Lei 11/2023, do 8 de maio.

○ **Residencia temporal e traballo por conta allea de duración determinada (Capítulo VI).**

Suprímese, con efectos de 27 de xullo de 2023 polo artigo único, apartado 8 do Real Decreto 629/2022, do 26 de xullo.

○ **Residencia temporal e traballo por conta propia (Capítulo VII).**

Áchase en situación de residencia temporal e traballo por conta propia o estranxeiro maior de 18 anos autorizado a permanecer en España por un período superior a 90 días e inferior a 5 anos, e a exercer unha actividade lucrativa por conta propia (artigo 103).

○ **Residencia temporal e traballo no marco de prestacións transnacionais de servizos (Capítulo VIII).**

Áchase en situación de residencia temporal e traballo no marco dunha prestación transnacional de servizos o traballador estranxeiro que se desprace a un centro de traballo en España e dependa, mediante expresa relación laboral, dunha empresa establecida nun Estado non pertencente á Unión Europea nin ao Espazo Económico Europeo, nos supostos que establece o artigo 110.

Esta autorización de residencia e traballo limitarase a unha ocupación e ámbito territorial concretos. A súa duración coincidirá co tempo do desprazamento do traballador co límite dun ano.



○ **Residencia temporal con excepción da autorización de traballo (Capítulo IX).**

Están exceptuados da obriga de obter autorización de traballo para o exercicio dunha actividade lucrativa, laboral ou profesional os estranxeiros que estean incluídos no artigo 41 da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, e cumpran as condicións que establece o artigo 117.

○ **Residencia temporal do estranxeiro que retornou voluntariamente ao seu país (Capítulo X).**

O previsto no neste capítulo será de aplicación ao estranxeiro que, sendo titular dunha autorización de residencia temporal:

- Se acolla a un programa de retorno voluntario impulsado, financiado ou recoñecido pola Administración Xeral do Estado; ou
- Retorne voluntariamente ao seu país de orixe á marxe de programa algún.

En calquera caso, o previsto neste capítulo entenderase sen prexuízo do dereito dos estranxeiros residentes en España a saír de territorio español e regresar a este durante a vixencia da súa autorización de residencia, sen máis limitacións que as establecidas de conformidade co artigo 28 da LOEX, e as derivadas da posible extinción da súa autorización tras un determinado período de ausencia de territorio español, de acordo co previsto no Real Decreto 557/2011.

III. Título V. Residencia temporal por circunstancias excepcionais.

○ **Residencia temporal por circunstancias excepcionais por arraigo, protección internacional, razóns humanitarias, colaboración con autoridades, seguridade nacional ou interese público (Capítulo I).**

De conformidade co artigo 31.3 da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, en atención ás circunstancias excepcionais que concorran, poderase conceder unha autorización de residencia temporal aos estranxeiros que se achen en España nos supostos de arraigamento, protección internacional, razóns humanitarias, colaboración con autoridades públicas ou razóns de seguridade nacional ou interese público, previstos nos artigos seguintes (artigo 123.1).

O contido deste capítulo debe ser interpretado sen prexuízo da posible concesión de autorizacións de residencia por circunstancias excepcionais en base ao previsto nos artigos 31bis, 59 e 59bis da Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro. Igualmente, poderán concederse outras autorizacións de residencia



por circunstancias excepcionais nos termos establecidos na Disposición adicional primeira punto 4 do Real Decreto 557/2011 (artigo 123.2).

A concesión da autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionais por razóns de arraigamento levará aparellada unha autorización de traballo en España durante a vixencia daquela, con excepción da que se conceda aos menores de idade laboral, ou en casos de exención do requisito de contar con contrato por contar con medios económicos que non deriven da realización dunha actividade por conta propia (artigo 129.1).

Na mesma situación acharanse as persoas ás que se refire o artigo 125 do Real Decreto 557/2011 (autorización de residencia temporal por razóns de protección internacional).

Nos demais supostos, o estranxeiro poderá solicitar, persoalmente, a correspondente autorización de traballo ante o órgano competente para a súa tramitación. A dita solicitude poderá presentarse de maneira simultánea coa solicitude de autorización de residencia por circunstancias excepcionais ou ben durante o período de vixencia daquela, e para a súa concesión será preciso cumprir (artigo 129.2):

- De solicitarse unha autorización de traballo por conta allea, os requisitos establecidos nos parágrafos b), c), d), e) e f) do artigo 64.3.
- De solicitarse unha autorización de traballo por conta propia, os requisitos previstos no artigo 105.3.

Este Título complétase cos seguintes capítulos:

- Capítulo II. Residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais de mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero.
- Capítulo III. Residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais por colaboración contra redes organizadas.
- Capítulo IV. Residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais de estranxeiros vítimas de trata de seres humanos.

IV. Residencia de longa duración (Título VI).

- **Residencia de longa duración (Capítulo I).**

Áchase en situación de residencia de longa duración o estranxeiro que fose autorizado a residir e traballar en España indefinidamente nas mesmas condicións que os españois (artigo 147).

Terán dereito a obter unha autorización de residencia de longa duración os estranxeiros que residisen legalmente e de forma continuada no territorio



español durante 5 anos. Igualmente, terán dereito a obter a dita autorización os estranxeiros que acrediten residir durante ese período de forma continuada na Unión Europea, en calidade de titulares dun Cartón azul-UE, sempre que nos 2 anos inmediatamente anteriores á solicitude, a dita residencia se produciu en territorio español (artigo 148.1).

A continuidade a que se refire o apartado anterior non quedará afectada por ausencias do territorio español de ata 6 meses continuados, sempre que a suma destas non supere o total de 10 meses dentro dos 5 anos referidos no apartado anterior, salvo que as correspondentes saídas se efectuasen de maneira irregular.

En caso de ausencias por motivos laborais, a continuación da residencia non quedará afectada por ausencias do territorio español de ata 6 meses continuados, sempre que a suma destas non supere o total de 1 ano dentro dos 5 anos requiridos.

No caso de solicitude dunha autorización de residencia de longa duración en base ao previsto no segundo parágrafo do apartado anterior, a continuidade da residencia como titular dun Cartón azul-UE non quedará afectada por ausencias da Unión Europea de ata 12 meses continuados, sempre que a suma destas non supere o total de 18 meses dentro dos 5 anos de residencia requiridos (artigo 148.2).

A autorización de residencia de longa duración tamén se concederá aos estranxeiros que acrediten que se atopan en calquera dos seguintes supostos (artigo 148.3):

- Residentes que sexan beneficiarios dunha pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva, incluída dentro da acción protectora do sistema español da Seguridade Social.
- Residentes que sexan beneficiarios dunha pensión de incapacidade permanente absoluta ou de grande invalidez, na súa modalidade contributiva, incluída dentro da acción protectora do sistema español da Seguridade Social ou de prestacións análogas ás anteriores obtidas en España e consistentes nunha renda vitalicia, non capitalizable, suficiente para o seu sostemento.
- Residentes que nacesen en España e, ao chegar á maioría de idade, residisen en España de forma legal e continuada durante, polo menos, os 3 anos consecutivos inmediatamente anteriores á solicitude.
- Estranxeiros que fosen españois de orixe e perdesen a nacionalidade española.



- Residentes que ao chegar á maioría de idade estean baixo a tutela dunha entidade pública española durante os 5 anos inmediatamente anteriores de forma consecutiva.
- Apátridas, refuxiados ou beneficiarios de protección subsidiaria que se atopen en territorio español e a quen se lles recoñeceu o respectivo estatuto en España.
- Estranxeiros que contribuísen de forma notoria ao progreso económico, científico ou cultural de España, ou á proxección de España no exterior. Nestes supostos, corresponderá ao titular do Ministerio de Traballo e Inmigración a concesión da autorización de residencia de longa duración, previo informe do titular do Ministerio do Interior.

Este título complétase cos seguintes capítulos:

- Capítulo II. Residencia de longa duración-UE.
Áchase en situación de residencia de longa duración-UE o estranxeiro que fose autorizado a residir e traballar en España indefinidamente nas mesmas condicións que os españois e que se beneficia do establecido sobre o devandito estatuto na Directiva 2003/109/CE do Consello, do 25 de novembro, relativa ao estatuto dos nacionais de terceiros países residentes de longa duración.
- Capítulo III. Mobilidade do residente de longa duración-UE noutro Estado membro.
- Capítulo IV. Recuperación da titularidade dunha residencia de longa duración ou dunha residencia de longa duración-UE.

2 Os servizos públicos de emprego na regularización laboral da inmigración; inscrición de persoas estranxeiras

Á hora de analizar os requirimentos para a inscrición en España nos servizos públicos de emprego por parte de persoas estranxeiras, debe realizarse a seguinte distinción por agrupamentos:

- **Grupo I.**

Cidadáns da Unión Europea (UE) e dos países que forman parte do Espazo Económico Europeo (EEE). Tamén se engade neste grupo a Suíza, ao dispor dun acordo bilateral coa Unión Europea.

Lembra que, na actualidade, a UE está formada polos seguintes países: Alemaña, Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Croacia, Dinamarca, Eslovenia, España, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irlanda, Italia, Letonia, Lituania, Luxemburgo,



Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, República Checa, República Eslovaca, Romanía e Suecia.

Forman parte do EEE os Estados da Unión Europea máis Islandia, Liechtenstein e Noruega.

○ **Grupo II.**

Persoas non comunitarias pero que acrediten ser familiares dunha persoa comunitaria.

○ **Grupo III.**

Persoas estranxeiras non incluídas en ningún dos grupos anteriores. Ás persoas deste grupo lles será de aplicación á Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

Para o grupos I e II, a súa inscrición nos servizos públicos de emprego está regulada polo Real Decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre a entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados Membros da Unión Europea e de outros Estados parte no acordo sobre o Espazo Económico Europeo; mentres que para o grupo III, a normativa de aplicación é a Orde TAS 3698/2006, do 22 de novembro, pola que se regula a inscrición de traballadores estranxeiros non comunitarios nos Servizos Públicos de Emprego e nas axencias de colocación.

A continuación, analízanse ambas normativas en maior detalle.

2.1 Real Decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre a entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados Membros da Unión Europea e de outros Estados parte no acordo sobre o Espazo Económico Europeo

I. Ámbito de aplicación (artigos 1, 2 e 2 bis).

Este real decreto regula as condicións para o exercicio dos dereitos de entrada e saída, libre circulación, estancia, residencia, residencia de carácter permanente e traballo en España por parte dos cidadáns doutros Estados membros da Unión Europea e dos restantes Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, así como as limitacións aos dereitos anteriores por razóns de orde pública, seguridade pública ou saúde pública. O contido do presente real decreto entenderase sen prexuízo do disposto en leis especiais e nos tratados internacionais nos que España sexa parte (artigo 1).



O presente real decreto aplícase tamén, calquera que sexa a súa nacionalidade, e nos termos previstos por este, aos familiares de cidadán doutro Estado membro da Unión Europea ou doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, cando lle acompañen ou se reúnan con el, que a continuación se relacionan (artigo 2):

- Ao seu cónxuxe, sempre que non recaese o acordo ou a declaración de nulidade do vínculo matrimonial, divorcio ou separación legal.
- Á parella coa que manteña unha unión análoga á conxugal inscrita nun rexistro público establecido a eses efectos nun Estado membro da Unión Europea ou nun Estado parte no Espazo Económico Europeo, que impida a posibilidade de dous rexistros simultáneos no devandito Estado, e sempre que non se cancelase a dita inscrición, o que deberá ser suficientemente acreditado. As situacións de matrimonio e inscrición como parella rexistrada consideraranse, en todo caso, incompatibles entre si.
- Aos seus descendentes directos, e aos do seu cónxuxe ou parella rexistrada sempre que non recaese o acordo ou a declaración de nulidade do vínculo matrimonial, divorcio ou separación legal, ou se cancelase a inscrición rexistral de parella, menores de 21 anos, maiores da devandita idade que vivan ao seu cargo, ou incapaces.
- Aos seus ascendentes directos, e aos do seu cónxuxe ou parella rexistrada que vivan ao seu cargo, sempre que non recaese o acordo ou a declaración de nulidade do vínculo matrimonial, divorcio ou separación legal, ou se cancelase a inscrición rexistral de parella.

Ademais do anterior, poderase solicitar a aplicación das disposicións previstas neste real decreto para membros da familia dun cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo a favor de (artigo 2 bis.1):

- Os membros da súa familia, calquera que sexa a súa nacionalidade, non incluídos no artigo 2 do presente real decreto, que acompañen ou se reúnan con el e acrediten de forma fidedigna no momento da solicitude que se atopan nalgunha das seguintes circunstancias:
 - Que, no país de procedencia, estean ao seu cargo ou vivan con el.
 - Que, por motivos graves de saúde ou de discapacidade, sexa estritamente necesario que o cidadán da Unión se faga cargo do coidado persoal do membro da familia.
- A parella de feito coa que manteña unha relación estable debidamente probada, de acordo co criterio establecido no apartado 4.b) deste artigo.



Se os membros da familia e a parella de feito que se indican anteriormente, están sometidos á esixencia de visado de entrada segundo o establecido no Regulamento (CE) 539/2001, de 15 de marzo, polo que se establece a lista de terceiros países cuxos nacionais están sometidos á obriga de visado para cruzar as fronteiras exteriores e a lista de terceiros países cuxos nacionais están exentos desa obriga (a solicitude de visado) contemplada no artigo 4 do presente real decreto, deberá acompañarse do seguintes documentos (artigo 2 bis.2):

- Pasaporte válido e en vigor do solicitante.
- Nos casos contemplados na letra a) do apartado 1, documentos acreditativos da dependencia, do grao de parentesco e, no seu caso, da existencia de motivos graves de saúde ou discapacidade ou da convivencia.
- No suposto de parella, a proba da existencia dunha relación estable co cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e o tempo de convivencia.

A solicitude da tarxeta de familiar de cidadán da Unión deberá acompañarse dos seguintes documentos (artigo 2 bis.3):

- Pasaporte válido e en vigor do solicitante. No caso de que o documento estea caducado, deberá achegarse copia deste e da solicitude de renovación.
- Documentación acreditativa de que o cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ao que acompañan ou co que van reunirse cumpre os requisitos do artigo 7.
- Nos casos contemplados na letra a) do apartado 1, documentos acreditativos da dependencia, do grao de parentesco e, no seu caso, da existencia de motivos graves de saúde ou discapacidade ou da convivencia.
- No suposto de parella, a proba da existencia dunha relación estable co cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e o tempo de convivencia.

As autoridades valorarán individualmente as circunstancias persoais do solicitante e resolverán motivadamente debendo ter en conta os seguintes criterios (artigo 2 bis.4):

- No caso de familiares, valorarase o grao de dependencia financeira ou física, o grao de parentesco co cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e, no seu caso, a gravidade da enfermidade ou discapacidade que fai necesario o seu coidado persoal ou o tempo de convivencia previo. En todo caso, entenderase

acreditada a convivencia cando se demostre de xeito fidedigno unha convivencia continuada de 24 meses no país de procedencia.

- No caso de parella de feito, considerarase que se trata dunha parella estable aquela que acredite a existencia dun vínculo duradeiro. En todo caso, entenderase a existencia deste vínculo se se acredita un tempo de convivencia marital de, polo menos, un ano continuado, salvo que tivesen descendencia en común (nese caso bastará a acreditación de convivencia estable debidamente probada).

As autoridades resolverán motivadamente toda resolución (artigo 2 bis.5).

II. Dereitos (artigo 3).

As persoas incluídas no ámbito de aplicación do presente real decreto teñen dereito a entrar, saír, circular e residir libremente en territorio español, previo o cumprimento das formalidades previstas por este e sen prexuízo das limitacións establecidas no mesmo.

Así mesmo, as persoas incluídas no ámbito de aplicación do presente real decreto, exceptuando aos descendentes maiores de 21 anos que vivan a cargo, e aos ascendentes a cargo contemplados no artigo 2.d) do presente real decreto, **teñen dereito a acceder a calquera actividade, tanto por conta allea como por conta propia**, prestación de servizos ou estudos, **nas mesmas condicións que os españois**, sen prexuízo da limitación establecida no artigo 39.4 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Non alterará a situación de familiar a cargo a realización por este dunha actividade laboral na que se acredite que os ingresos obtidos non teñen o carácter de recurso necesario para o seu sustento, e nos casos de contrato de traballo a xornada completa cunha duración que non supere os 3 meses en cómputo anual nin teña unha continuidade como ocupación no mercado laboral, ou a tempo parcial tendo a retribución o citado carácter de recurso non necesario para o sustento. En caso de finalización da situación de familiar a cargo e eventual cesación na condición de familiar de cidadán da Unión, será aplicable o artigo 96.5 do Regulamento da LOEX.

Esta referencia o artigo 96.5 do Regulamento debe entenderse na actualidade referida ao artigo 200.3 do vixente Regulamento da Lei Orgánica 4/2000.

Os titulares dos dereitos a que se refiren os apartados anteriores que pretendan permanecer ou fixar a súa residencia en España durante máis de 3 meses estarán obrigados a solicitar un certificado de rexistro ou unha tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión, segundo o procedemento establecido na presente norma.



Todos os cidadáns da Unión que residan en España conforme ao disposto no presente real decreto gozarán de igualdade de trato respecto dos cidadáns españois no ámbito de aplicación do Tratado constitutivo da Comunidade Europea. Este dereito estenderá os seus efectos aos membros da familia que non teñan a nacionalidade dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, beneficiarios do dereito de residencia ou do dereito de residencia permanente.

2.2 Orde TAS 3698/2006, do 22 de novembro, pola que se regula a inscrición de traballadores estranxeiros non comunitarios nos Servizos Públicos de Emprego e nas axencias de colocación

I. Ámbito de aplicación (artigo 1).

Aos efectos da presente Orde Ministerial poderán inscribirse como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego e nas axencias de colocación aqueles estranxeiros non comunitarios, **maiores de 16 anos**, que en aplicación da vixente normativa sobre permanencia e traballo dos estranxeiros en España, **teñan recoñecido o dereito de acceso ao mercado de traballo**.

Considéranse traballadores estranxeiros aos efectos de aplicación desta Orde a toda persoa física que, carecendo da nacionalidade española e non sendo nacionais dos estados membros da Unión Europea, nin dos outros estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, exerza ou trate de exercer en España unha actividade lucrativa, laboral ou profesional xa sexa por conta propia ou allea.

Igualmente, considéranse traballadores estranxeiros, aos efectos de aplicación da presente orde ministerial, a todas as persoas físicas nacionais de Estados membros que estean condicionadas por períodos transitorios para a libre circulación de traballadores, durante a vixencia de tales períodos.

O disposto nesta Orde entenderase en todo caso, sen prexuízo do establecido en leis especiais e en tratados internacionais nos que España sexa parte.

II. Documentos acreditativos que dan dereito ao acceso ao mercado de traballo (artigo 2).

O dereito de acceso ao mercado de traballo ao que se fai referencia no epígrafe anterior concrétase na posesión dunha autorización administrativa para traballar, ou ben, non estando en posesión dela e atopándose legalmente en España, estar en condicións de acceder a ela.

Poderanse inscribir como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego e nas axencias de colocación, os titulares, en idade laboral, dos documentos seguintes, durante a vixencia dos mesmos ou coas condicións previstas nesta Orde:

- Autorización de residencia permanente, acreditada coa tarxeta de identidade de estranxeiro (en diante TIE) ou coa resolución pola que se conceda a dita autorización, segundo o previsto no artigo 3 da presente Orde.
- Autorización de residencia temporal, acreditada coa TIE ou coa resolución pola que se conceda a dita autorización, segundo o previsto no artigo 4 da presente Orde.
- Autorización de residencia temporal en virtude de reagrupamento familiar, acreditada coa TIE ou coa resolución pola que se conceda a dita autorización, segundo o previsto no artigo 5 da presente Orde.
- Autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionais: por razóns humanitarias, por colaboración coas autoridades administrativas, policiais, fiscais ou xudiciais, ou por razóns de interese público ou de seguridade nacional, acreditada coa TIE ou coa resolución pola que se conceda a dita autorización, segundo o previsto no artigo 6 da presente Orde.
- Autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionais por razóns de arraigamento e por razóns de protección internacional, acreditada coa TIE ou coa resolución pola que se conceda a dita autorización, segundo o previsto no artigo 7 da presente Orde.
- Autorización de residencia temporal e traballo por conta allea, acreditada coa TIE ou coa resolución pola que se conceda a dita autorización, segundo o previsto no artigo 8 da presente Orde.
- Autorización de residencia temporal e traballo por conta propia, acreditada coa TIE ou coa resolución pola que se conceda a dita autorización, segundo o previsto no artigo 9 da presente Orde.
- Autorización de residencia temporal a favor dun menor estranxeiro non acompañado, en idade laboral, acreditada coa TIE ou coa resolución pola que se conceda a dita autorización, ou acreditación dos servizos de protección de menores da comunidade autónoma, segundo o previsto no artigo 10 da presente Orde.
- Visado para a procura de emprego dirixido a fillo ou neto de español de orixe, ou visado para a procura de emprego para determinados sectores de actividade ou ocupacións, segundo o previsto no artigo 11 da presente Orde.

- Autorización para investigación e estudos acreditada co visado de estancia por estudos ou coa TIE, segundo o previsto no artigo 12 da presente Orde.
- Autorización de residencia temporal con excepción á autorización de traballo, acreditada coa TIE ou coa resolución pola que se conceda dita autorización, segundo o establecido na disposición adicional primeira da presente Orde.
- Documento de solicitante de asilo no que conste a inscrición "autoriza a traballar", segundo o establecido no artigo 13 da presente Orde.
- Documento de identidade dos refuxiados e dos familiares aos que se recoñeceu a extensión familiar para residir en España, segundo o establecido no artigo 14 da presente Orde.
- Documento de identidade dos apátridas, segundo o establecido no artigo 15 da presente Orde.
- Certificacións expedidas, para os estranxeiros en situación de estancia ou residencia, polas oficinas de estranxeiros ou, en defecto destas, polas áreas ou dependencias de Traballo e Asuntos Sociais, durante os 3 meses anteriores á solicitude da inscrición, segundo o establecido na disposición adicional segunda da presente Orde.

Os documentos aos que se fai referencia no artigo 2.k) (autorización de residencia temporal con excepción á autorización de traballo) permitirán a inscrición como demandantes de emprego en razón da súa condición de solicitantes ou beneficiarios de prestacións por desemprego, segundo o previsto na disposición adicional primeira da presente Orde.

Sempre que sexa esixible, o traballador deberá posuír a titulación debidamente homologada ou acreditar a capacitación esixida para o exercicio da profesión.

Previo ao comezo da actividade laboral, o empresario que vaia a contratar a estes traballadores será o responsable, segundo o caso, de comprobar a vixencia das autorizacións, os requisitos de actividade laboral e ámbito territorial para o que vai ser contratado, ou ben obter a solicitude de autorización de residencia e traballo por conta allea, segundo os distintos requisitos e procedementos establecidos no Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro.

3 Catálogo de ocupacións de difícil cobertura. Continxentes. Certificado de insuficiencia de demandantes de emprego adecuados e dispoñibles para aceptar a oferta

3.1 Determinación da situación nacional de emprego

Dentro da regulación da residencia temporal e traballo por conta allea (Capítulo III do Título IV do Real Decreto 557/2011), o artigo 65 aborda o catálogo de ocupacións de difícil cobertura.

I. Catálogo de ocupacións de difícil cobertura.

Conforme ao artigo 65.1 do Real Decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da LOEX, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, tras a súa reforma por Lei Orgánica 2/2009, aos efectos de determinar a situación nacional de emprego, o Servizo Público de Emprego Estatal elaborará, con periodicidade trimestral, de acordo coa información fornecida polos servizos públicos de emprego autonómicos e previa consulta da Comisión Laboral Tripartita de Inmigración, un Catálogo de ocupacións de difícil cobertura para cada provincia ou demarcación territorial que, no seu caso, estableza a correspondente Administración autonómica, así como para Ceuta e Melilla. Nas provincias insulares, o Catálogo poderá establecerse para cada illa ou agrupación delas.

O procedemento de elaboración do Catálogo de ocupacións de difícil cobertura será establecido por Orde do titular do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, a proposta dos titulares dos Ministerios de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e de Traballo e Economía Social, previo informe da Comisión Laboral Tripartita de Inmigración.

Este Catálogo estará baseado na información dispoñible sobre a xestión das ofertas presentadas polos empregadores nos Servizos públicos de Emprego. Tamén terá en consideración as estatísticas elaboradas polas administracións públicas e, especialmente, a relativa a persoas inscritas como demandantes de emprego nos Servizos Públicos de Emprego. Así mesmo, nel incorporaranse automaticamente aquelas ocupacións pertencentes aos sectores económicos que se determinen por Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, a proposta do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

Consideraranse como ocupacións as consignadas na Clasificación Nacional de Ocupacións que estea en vigor.

A concreción do detalle con que unha ocupación se debe incluír no Catálogo de ocupacións de difícil cobertura realizarase tendo en conta o grao de especialización requirido para o desempeño da actividade.

A cualificación dunha ocupación como de difícil cobertura implica a posibilidade de tramitar a autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea dirixida ao estranxeiro.

II. Certificado de insuficiencia de demandantes de emprego adecuados e dispoñibles para aceptar a oferta.

En calquera caso, esta non é a única opción para poder contratar a unha persoa estranxeira, xa que segundo indica o artigo 65.2 do devandito do Real Decreto 557/2011, considerarase que a situación nacional de emprego permite a contratación nas ocupacións **non cualificadas como de difícil cobertura** cando o empregador acredite ante a Oficina de Estranxeiría a dificultade de cubrir os postos de traballo vacantes con traballadores xa incorporados no mercado laboral interno. A estes efectos, a Oficina de Estranxeiría terá en consideración o informe presentado polos Servizos Públicos de Emprego así como a urxencia da contratación acreditada pola empresa.

Para iso deberase presentar unha oferta de emprego no portal *Empléate* e nos Servizos Públicos de Emprego, que estará formulada de forma precisa e axustada aos requirimentos do posto de traballo, sen conter requisitos que non teñan relación directa co seu desempeño.

O Servizo Público de Emprego no que se presentou a oferta de emprego, no marco das súas competencias en materia de intermediación laboral, a xestionará promovendo o contacto entre a persoa empregadora e as persoas demandantes de emprego que se axusten aos requirimentos da mesma. Así mesmo, durante un período de tempo de oito días, dará publicidade á oferta de emprego en calquera dos espazos públicos destinados á difusión de ofertas de que dispoña o Servizo Público de Emprego, a fin de que os traballadores que residen en calquera parte do territorio español poidan concorrer á súa cobertura.

Transcorridos oito días desde a presentación da oferta polo empregador, este deberá comunicar ao Servizo Público de Emprego o resultado da selección de persoas candidatas que se presentaron para cubrir os postos de traballo vacantes, indicando as persoas candidatas que foron admitidas e as que foron rexeitadas, así como a causa do rexeitamento.

O Servizo Público de Emprego que realiza a xestión da oferta emitirá a **certificación de insuficiencia de demandantes** nun prazo máximo de 3 días contados a partir da comunicación por parte do empregador do resultado da selección.



O certificado emitido polo Servizo Público de Emprego competente deberá conter información que identifique ao empregador e a oferta e sobre o número de postos de traballo ofertados e de traballadores postos a disposición do empregador.

A Comisión Laboral Tripartita de Inmigración realizará un seguimento da aplicación do disposto neste Regulamento sobre a determinación da Situación Nacional de Emprego.

Na valoración do certificado, a Oficina de Estranxeiría competente para a tramitación da solicitude de autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea terá en consideración, especialmente, a relación entre o número de traballadores postos a disposición do empregador e o de postos de traballo ofertados por este.

III. Supostos específicos de exención da situación nacional de emprego (artigo 40 da LOEX).

Non se terá en conta a situación nacional de emprego cando o contrato de traballo vaia dirixido a:

- Os familiares reagrupados en idade laboral, ou o cónxuxe ou fillo de estranxeiro residente en España cunha autorización renovada, así como ao fillo de español nacionalizado ou de cidadáns doutros Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Espazo Económico Europeo, sempre que estes últimos leven, como mínimo, un ano residindo legalmente en España e ao fillo non lle sexa de aplicación o réxime comunitario.
- Os titulares dunha autorización previa de traballo que pretendan a súa renovación.
- Os traballadores necesarios para a montaxe por renovación dunha instalación ou equipos produtivos.
- Os que gozasen da condición de refuxiados, durante o ano seguinte á cesación da aplicación da Convención de Xenebra de 28 de xullo de 1951, sobre o Estatuto dos Refuxiados, polos motivos recolleitos no suposto 5 da sección C do seu artigo 1.
- Os que fosen recoñecidos como apátridas e os que perdesen a condición de apátridas o ano seguinte á terminación do devandito estatuto.
- Os estranxeiros que teñan ao seu cargo ascendentes ou descendentes de nacionalidade española.
- Os estranxeiros nados e residentes en España.
- Os fillos ou netos de español de orixe.



- Os menores estranxeiros en idade laboral con autorización de residencia que sexan tutelados pola entidade de protección de menores competente, para aquelas actividades que, a criterio da mencionada entidade, favorezan a súa integración social, e unha vez acreditada a imposibilidade de retorno coa súa familia ou ao país de orixe.
- Os estranxeiros que obteñan a autorización de residencia por circunstancias excepcionais nos supostos que se determinen regulamentariamente e, en todo caso, cando se trate de vítimas de violencia de xénero ou de trata de seres humanos.
- Os estranxeiros que fosen titulares de autorizacións de traballo para actividades de tempada, durante dous anos naturais, e retornasen ao seu país.
- Os estranxeiros que renunciaren á súa autorización de residencia e traballo en virtude dun programa de retorno voluntario.

Tampouco se terá en conta a situación nacional de emprego, nas condicións que se determinen regulamentariamente para:

- A cobertura de postos de confianza e directivos de empresas.
- Os profesionais altamente cualificados, incluíndo técnicos e científicos contratados por entidades públicas, universidades ou centros de investigación, desenvolvemento e innovación dependentes de empresas, sen prexuízo da aplicación do réxime específico de autorización aplicable de conformidade coa presente Lei.
- Os traballadores do cadro de persoal dunha empresa ou grupo de empresas noutro país que pretendan desenvolver a súa actividade laboral para a mesma empresa ou grupo en España.
- Os artistas de recoñecido prestixio.

3.2 Xestión colectiva de contratacións en orixe (continxentes)

Segundo o artigo 39 da LOEX, sobre a Xestión colectiva de contratacións en orixe (figura anteriormente denominada como "continxente"):

- O Ministerio de Traballo e Inmigración, tendo en conta a situación nacional de emprego, poderá aprobar unha previsión anual das ocupacións e, no seu caso, das cifras previstas de empregos que se poidan cubrir a través da xestión colectiva de contratacións en orixe nun período determinado, aos que só terán acceso aqueles que non se achen ou residan en España. Así mesmo, poderá establecer un número de visados para procura de emprego nas condicións que se determinen, dirixidos a fillos ou netos de español de orixe ou a determinadas ocupacións. A mencionada previsión terá en conta as propostas

que, previa consulta dos axentes sociais no seu ámbito correspondente, sexan realizadas polas Comunidades Autónomas, e será adoptada previa consulta da Comisión Laboral Tripartita de Inmigración.

- O procedemento de concesión da autorización inicial de residencia e traballo mediante tramitación colectiva dos contratos en orixe, estará baseado na xestión simultánea dunha pluralidade de autorizacións, presentadas por un ou varios empregadores, respecto de traballadores seleccionados nos seus países, coa participación, no seu caso, das autoridades competentes. Na xestión do mesmo actuarase coordinadamente coas Comunidades Autónomas competentes para a concesión da autorización de traballo inicial.
- As ofertas de emprego realizadas a través deste procedemento orientaranse preferentemente cara aos países cos que España asinase acordos sobre regulación de fluxos migratorios.

Esta materia desenvólvese con maior profundidade nos seguintes artigos do Título VIII do Real Decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

I. Xestión colectiva de contratacións en orixe (artigo 167).

O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, tendo en conta a situación nacional de emprego, poderá aprobar anualmente unha previsión das ocupacións e, no seu caso, da cifra de postos de traballo que se poderán cubrir a través da xestión colectiva de contratacións en orixe.

No caso de que, transcorrido un ano respecto ao que se estableza a cifra, o número de contratacións en orixe sexa inferior ás inicialmente previstas, o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, previa consulta á Comisión Laboral Tripartita de Inmigración, poderá prorrogar a vixencia da cifra que reste.

A xestión colectiva permitirá a contratación programada de traballadores que non se atopen ou residan en España, para ocupar empregos estables e que serán seleccionados nos seus países de orixe a partir das ofertas presentadas polos empresarios.

A orde anual pola que se establece a contratación en orixe poderá prever as seguintes figuras:

- Migración de carácter estable.
- Migración circular.
- Visados de procura de emprego.

As autorizacións de traballo previstas na contratación colectiva en orixe para a migración circular terán unha duración de catro anos e habilitarán a traballar por un período máximo de nove meses nun ano nun único sector laboral. A vixencia destas autorizacións estará supeditada ao compromiso de retorno do traballador ao país de orixe, e ao mantemento das condicións que xustificaron a concesión da autorización.

Estas autorizacións concederanse para un único empregador, sen prexuízo das especificidades que poida establecer a orde anual que regula a xestión colectiva de contratacións en orixe en relación cos requisitos das concatenacións entre provincias e cambios de empregador.

As autorizacións de traballo para a migración circular poderán prorrogarse tras a finalización da súa vixencia, por iguais períodos.

Os traballadores que acrediten cumprir co compromiso de retorno durante a vixencia da autorización de traballo poderán solicitar, no período de seis meses desde a finalización desta autorización, unha autorización de residencia e traballo que terá unha duración de dous anos, prorrogables por outros dous, que autorizará a traballar por conta allea e por conta propia.

II. Elaboración da previsión anual da xestión colectiva de contratacións en orixe (artigo 168).

Corresponderá á Secretaría de Estado de Migracións a elaboración da proposta de previsión anual de postos de traballo, por ocupación laboral, que poderán ser cubertos a través da xestión colectiva de contratacións en orixe.

Para iso, deberá terse en conta a información sobre a situación nacional de emprego fornecida polo Servizo Público de Emprego Estatal, así como as propostas que, previa consulta ás organizacións sindicais máis representativas e empresariais no seu ámbito correspondente, sexan realizadas polas Comunidades Autónomas. Ditas propostas realizaranse tras recibir as solicitudes das organizacións empresariais de ámbito provincial e as consideracións que lles fixeron chegar as organizacións sindicais máis representativas de idéntico ámbito.

A proposta realizada pola Secretaría de Estado de Migracións será adoptada previa consulta á Comisión Laboral Tripartita de Inmigración, á que con periodicidade trimestral seranlle remitidos datos estatísticos sobre as autorizacións solicitadas e concedidas, así como as solicitudes e concesións de visados de procura de emprego e as autorizacións derivadas destes, de acordo coa Orde ministerial de xestión colectiva de contratacións en orixe.

Elaborada a proposta, será presentada pola Secretaría de Estado de Migracións ante a Comisión Interministerial de Estranxeiría para que informe sobre a procedencia de aprobar a Orde.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN